UNIDADE 3. RESUMO

Recorda

- As palabras da segunda declinación , se son masculinas ou femininas, enúncianse: -ος - ου. Se son neutras: -ον - ου.
- *Todos os neutros teñen igual o nominativo, vocativo e acusativo. En plural rematan en -α en todas as declinacións.*
- *Hai nomes contractos: na segunda declinación producen resultados* -ου, -οι, -ω *e* -α, *segundo certas regras, e na primeira declinación só se distinguen en que levan acento circunflexo.*
- *En grego, o* ***imperfecto*** *caracterízase morfoloxicamente por dous trazos:*
  - *Por levar* ***"aumento", é dicir, a anteposición da vogal ε-*** *á raíz se comeza por consoante, e polo alongamento da vogal inicial se o verbo comeza por vogal. Na Unidade 6 estudaremos con máis detalle algunhas regras especiais do aumento. O aumento indica que a acción ten lugar no pasado.*
  - *Por levar* ***desinencias secundarias****.*
- *O futuro dos verbos regulares fórmase a partir do presente, co engadido dun* ***-σ-*** *entre a raíz e a vogal temática.*
- *Algunhas peculiaridades da épica grega débense a que era oral na súa orixe. Os dous primeiros poemas épicos europeos son a Ilíada e a Odisea, atribuídos a Homero.*
- *A épica grega exerceu un enorme influxo na literatura grega e na literatura posterior.*
- *As palabras gregas poden chegar á nosa lingua por diversas vías: como palabras* ***patrimoniais*** *(a través do latín e herdadas), como* ***cultismos****, como* ***calcos*** *ou como* ***neoloxismos.***